

O que se notifica para xeral coñecemento de todas as persoas interesadas no procedemento, que son emprazadas para que poidan comparecer no xulgado como demandadas no prazo de nove días, de conformidade co previsto no artigo 49 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2010.

Esperanza Fernández Lago
Directora de Recursos Humanos

Anuncio do 16 de xuño de 2010, da Xerencia do Hospital da Barbanza, polo que se procede a dar publicidade á resolución da mesma data, coa finalidade de convocar o procedemento de mobilidade interna voluntaria do persoal estatutario fixo, sanitario non facultativo (persoal de enfermaría, DUE e técnicos en coidados auxiliares de enfermaría, TCAE) e non sanitario (auxiliar administrativo de equipamento mecanizado) deste hospital.

Conforme o disposto nas bases dos procedementos de traslados internos dentro das institucións sanitarias de atención especializada do Servizo Galego de Saúde aprobadas pola Administración e as organizacións sindicais con representación na Mesa Sectorial de Negociación do Servizo Galego de Saúde, con data do 23 de decembro de 2009, e, tras as negociacións mantidas cos representantes dos traballadores/as do Hospital da Barbanza no seo da Comisión de Traslados Internos, que aprobou as bases reguladoras desta convocatoria,

RESOLVO:

Anunciar a convocatoria do procedemento de mobilidade interna voluntaria do persoal estatutario fixo, sanitario non facultativo (persoal de enfermaría, DUE e técnicos en coidados auxiliares de enfermaría, TCAE) e non sanitario (auxiliar administrativo de equipamento mecanizado) do Hospital da Barbanza.

As bases da citada convocatoria estarán expostas no taboleiro de anuncios do Hospital da Barbanza.

As solicitudes e documentación anexa que acredite os méritos alegados deberán presentarse no Servizo de Recursos Humanos do Hospital da Barbanza, no prazo de 20 días hábiles, contados desde o día seguinte á data de publicación do anuncio desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Así mesmo, poderán presentarse a través de calquera dos rexistros previstos no artigo 38 de la Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Contra esta resolución e as bases do procedemento, poderase interpoñer recurso de alzada ante a Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación nos termos dos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo a redacción dada por Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Ribeira, 16 de xuño de 2010.

Luis González Taboada
Director xerente do Hospital da Barbanza

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DO SOCIAL NÚMERO UN DA CORUÑA

Edicto (1034/2009).

María Blanco Aquino, secretaria do Xulgado do Social número un da Coruña, fai saber que neste xulgado se tramitan autos 1034/2009, seguidos por instancia de Benigno Navaza Rumbo, contra a empresa *Quercetum Técnicas de Obra, S.L.*, e Fogasa sobre cantidade, e con data de hoxe se ditou sentenza coa seguinte parte dispositiva:

«Decido en atención ao exposto, este órgano xudicial, pola autoridade que lle confire a Constitución, decidiu:

Que estimo a demanda formulada por Benigno Navaza Rumbo contra a empresa *Quercetum Técnicas de Obra, S.L.* polo que condeno a empresa demandada a lle aboar ao demandante a cantidade de 6.287,25 euros, cos xuros indicados no fundamento de dereito segundo desta resolución.

Así mesmo, absolvo o Fogasa, sen prexuízo da súa responsabilidade subsidiaria nos casos previstos no artigo 33 do Estatuto dos traballadores.

Notifíquelles esta sentenza ás partes, ás que se lles fará saber que contra a referida sentenza poden interpor recurso de suplicación, que deberá anunciar o seu avogado ou representante legal designado para o efecto ante este xulgado no prazo de cinco días contado desde a notificación desta sentenza, por comparecencia ou por escrito das partes, designando o letrado que o deberá interpor. É posible o anuncio por mera manifestación da parte recorrente ao ser notificada e será resolto, de ser o caso, e cumpridos os trámites legais, pola Sala do Social de Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. A empresa condenada deberá, ademais, acreditar, ao anunciar o recurso, ter depositado o importe da condena na